



## REGULAMENTO B3 LA CAIXA

### FORMATO DE XOGO (3x3)

Para todos os efectos se aplicarán as Regras de xogo editadas pola FGB, ás cales se engadirán as seguintes regras que prevalecerán sobre a 1ª en caso de discrepancia

### Regras

Nº1. Xógase nunha soa canastra.

Nº2. Os equipos estarán compostos por un mínimo de 4 xogadores e un máximo de 5 xogadores/as e 1 responsable.

Nº3. Cada equipo debe nomear un capitán/a que será o/a representante no caso de non ter adestrador/a.

Nº4. O xogo será a 15 minutos ou ao primeiro que chegue a 20 puntos. Ao final dese tempo, gañará o encontro o equipo que vaia por diante no marcador.

Nº5. No caso de que o partido finalice en empate, xogarase unha prórroga de 2 minutos, se prevalece o empate os 3 xogadores/as de cada equipo, terán que lanzar un tiro libre cada un, e gañará o encontro o equipo que máis tiros libres enceste dos 3 intentos. En caso de volver a empatar volveranse a lanzar tiros libres alternativamente, o primeiro que falle perde.

Nº6. Cada canastra vale dous puntos, excepto aquelas conseguidas desde máis aló da liña de triplas, que valerán tres puntos.

Nº7. A primeira posesión será mediante salto entre dous.

Nº8. Logo de cada cambio de posesión, rebote defensivo ou balón recuperado, o balón deberá saír máis aló da liña de tres puntos.

Nº9. Logo de cada canastra o balón cambia de posesión e iníciase o xogo desde máis aló da liña de tres puntos.

Nº10. Cando o balón saia fóra, deberá poñerse en xogo desde a banda.

Nº11. As loitas supoñen, sempre, a posesión do balón para o equipo que defendía.

Nº12. As faltas sacaranse sempre de banda (incluso se hai canastra e falta, sumásense os puntos obtidos e o equipo que sufriu a falta sacará de banda)

Nº13. Todas as faltas sinalaranse polos xogadores e en caso de conflito intervirá a persoa que a organización designe para ese efecto.

Nº14. Existirá só 1 Tempo Morto para cada equipo.

Nº 15. Obrigatorio que xoguen todos os xogadores asistentes ao partido.



## NORMAS XERAIS 3x3

### 1.- DATAS DE INSCRICIÓN:

A que estableza cada Sede.

### 2.- DATAS DE XOGO E SORTEO DE CALENDARIO:

Dependerá de cada club organizador

A relación de equipos participantes, o sorteo de Calendario, así como as datas de competición resultantes do mesmo serán enviados por mail á FGB [eventos@fegaba.com](mailto:eventos@fegaba.com) e [prensa@fegaba.com](mailto:prensa@fegaba.com).

### 3.- CATEGORÍAS DE XOGO:

Mini e Premini Masculino, Feminino e Mixto

### 4.- BALÓN DE XOGO:

Modelo Minibasket para competicións Mini e Premini.

### 5.- COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

Os resultados serán enviados por email á FGB [eventos@fegaba.com](mailto:eventos@fegaba.com) e [prensa@fegaba.com](mailto:prensa@fegaba.com), así como algunha foto para poder darlle publicidade na web da mesma.

### 6.- CLASIFICACIÓN

O club organizador será o encargado de facer a clasificación de cada categoría e deberá enviar os equipos que asistirán o Fase Final que se celebrará en A Estrada antes do día **24 de Maio** do 2013 á sede central da FGB(email: [competiciones@fegaba.com](mailto:competiciones@fegaba.com)).

### 7. – MATERIAL

Será o club organizador o encargado de proporcionar a loxística necesaria para a celebración da competición.